

DEMANDAS DO STEG E RESPOSTAS DA ADMINISTRACIÓN

ORDE CONCURSO-OPOSICIÓN INSPECCIÓN

- Revisión linguaxe sexista. Revisarán
- Na base 5, apartado 5.3 solicitamos que a presidencia do tribunal sexa escollida a sorteo igual que os vocais. Non aceptan
- No punto 5.7 solicitamos que a comisión de selección, ao non ser escollida a presidencia por sorteo, sexa escollida a sorte de entre todas as persoas que forman os tribunais. Non aceptan
- Cando unha persoa é elixida en dous centros dise que será nomeada polo que solicite. Demandamos que se nomee polo centro no que ten destino en primeiro lugar para evitar un concurso de traslados encuberto. Estudarán
- No 8.5 Partes da proba: pedimos que cando menos a exposición oral do tema sexa realizada en galego para demostrar a competencia lingüística plena para atender aos administrados/as. Non aceptan
- Na base 16 solicitamos que se refagan as listaxes en función da experiencia no corpo para aquelas persoas que accederon por un proceso público e aberto. Entenden que na orde só se fala das listaxes para as persoas que concorren a esta oposición, non se fala dos que xa están traballando. Traerán unha proposta sobre isto á Mesa
- No baremo entendemos que hai que retirar as meritocracias, e a puntuación do apartado 4.4 de avaliación da función docente. Aceptan a retirada do apartado 4.4 na medida en que entenden que en Galiza non se realiza esta avaliación e pode crear agravios comparativos coa xente que veña de fóra.

ORDE SELECCIÓN DIRECCIÓN

- Como previo criticamos o sistema de selección xa que non é o modelo do STEG. Para o STEG a elección da dirección debe recaer no Consello Escolar por ser o órgano máis democrático e representativo da comunidade escolar.
- TERCEIRO aptdo. 1 subaptdo.C Obligatorio proxecto en galego. Non aceptan
 - Especificar que á hora de avaliar o Proxecto de Dirección débese valorar especialmente

que inclúa as persoas propostas para formar parte do equipo directivo. Non aceptan

- QUINTO. Composición comisión: 3 mestras/es 2 consello 1 inspección (garda máis relación coa composición do Consello Escolar, que segundo nós é quen debера elixilo). Non aceptan
- OITAVO APTDO.4 no caso de empate cambiar a orde de desempate dando preferencia ao epígrafe 1 do baremo que é o de antigüidade fronte ao 2 que é o das meritocracias. Coa nosa proposta favorecemos os relevos, a participación e implicación do maior número de profesorado nos cargos directivos. Non aceptan
- DECIMO TERCEIRO APTDO. 2 Nomeamentos a partir de 1 de agosto a 1 de agosto e non a 1 de xullo. Non aceptan
- DÉCIMO CUARTO Nomeamento de oficio ou con carácter extraordinario. Que sexa só por un ano e sen obriga de facer o curso ou que este sexa en horario lectivo. Non aceptan
- BAREMO retirar o epígrafe 2 (experiencia en cargos) para fomentar a participación e o relevo democrático e o epígrafe 3 (catedráticos) por non aportar nada para o desempeño dos cargos que se pretenden cubrir con esta Orde. Non aceptan

Parécenos urxente que se traia a mesa sectorial o tema das substitucións das persoas que compoñen os equipo directivos, xa que esas substitucións deben ter efectos administrativos e económicos plenos. Non contestan.

ORDE AXUDAS ACCIDENTES DE TRÁFICO

Revisar linguaxe sexista que aparece na orde Revisarán

- 2.1 Incrementar o importe un mínimo dun 0,8% Este límite subiu, ao respecto da orde do ano anterior nun 0,3%. Solicitamos que suba un 0,8%, o IPC Non incrementarán a contía porque nunca se esgotou o orzamentado
- 2.2 Incrementar tamén un 0,8%
- 4.2 d) Retirar a data de entrega das facturas por si pode supoñer que algunha persoa quede fóra. Teñen que marcar unha data para non ter problemas ao efectuar o pago.

Secretariado Nacional do STEG
febreiro 2010